

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A programación didáctica de lingua castelá e literatura de 2º de EP do CEIP de Ponzos do curso 2023/2024 está redactada conforme ao establecido no artigo 15.2. do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lingua é un instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos; que está, ademais, presente nos procesos de ensino-aprendizaxe. Na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística móstrase esencial para poder desenvolverse na meirande parte dos aspectos, circunstancias e situacións da vida. Na era das tecnoloxías da información e da profusión de medios de comunicación, todo o alumnado e todas as persoas deben estar preparadas para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe.

O currículo de Lingua Castelá e Literatura organízase arredor das estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler, comprender e escribir, co fin de proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse nos seguintes bloques temáticos:

O bloque 1, As linguas e os seus falantes, procura familiarizar o alumnado coa diversidade cultural e lingüística da súa contorna, favorecendo a reflexión interlingüística, a identificación e o recoñecemento e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos e a valoración da diversidade cultural.

O bloque 2, Comunicación oral, recolle aspectos fundamentais da lingua oral. O uso oral da lingua ten o propósito de favorecer a adquisición de destrezas específicas de pronuncia e entoación axeitadas; de estratexias de recoñecemento, selección e interpretación da información; da construción e comunicación do coñecemento mediante a planificación e produción de textos orais e multimodais; da identificación e modelización das propiedades e tipoloxías dos textos; da interacción oral en situacións de aula, e de escoita activa na resolución dialogada de conflitos, respectando as normas esenciais da cortesía lingüística. A lectura e a produción oral implican unha paulatina mellora na comprensión de textos e inciden na aprendizaxe da lingua.

O bloque 3, Comunicación escrita, inclúe aspectos básicos e indispensables da lingua escrita, intensificando gradualmente o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Nesta etapa teñen que consolidarse o dominio de técnicas gráficas, a relación entre son e grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto desde as diferentes fases do proceso evolutivo da escritura. A lectura, tanto de forma individual como compartida, e a comprensión lectora permitiranlle ao alumnado adquirir as destrezas necesarias para a identificación das ideas máis relevantes e do sentido global dos textos, para a realización de inferencias e para a detección dos usos discriminatorios da linguaxe.

O bloque 4, Alfabetización mediática e informacional, integra criterios de avaliación e contidos relacionados coa busca, selección e contraste da información procedente de fontes documentais variadas en distintos soportes e formatos con criterios de fiabilidade e pertinencia. A biblioteca de aula ou do centro serán os espazos ideais para desenvolver proxectos globais e interdisciplinares, coa utilización de todos os recursos dixitais que dispoñan.

O bloque 5, Educación literaria, pretende implicar os alumnos e alumnas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida.

O bloque 6, Reflexións sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais, incorpora criterios de avaliación e contidos relacionados co coñecemento da lingua e a súa organización, facilitando a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico e a mellora dos textos propios.

A programación de 2º de Ed. Primaria realízase no contexto educativo do CEIP de Ponzos, respecta os acordos recollidos no Proxecto Educativo do centro e as directrices da CCP para a súa elaboración. O grupo está composto por 25 alumnos e é o único grupo deste nivel, pois o centro é de liña 1. En xeral trátase dun grupo bastante homoxéneo, aínda que hai alumnos que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento e apréciase desfase nos coñecementos previos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos	COMUNICACIÓN ORAL: Comprensión e identificación de información relevante nunha audición ou nunha lámina. COMPETENCIA LECTORA: Lectura e comprensión lectora dun conto, anuncio publicitario ou cartel informativo. ESCRITURA: . Separación de palabras nunha oración. Identificación de sílabas repetidas. Escritura de una oración con máis de cinco palabras. VOCABULARIO: Onomatopeias e palabras polisémicas. ORTOGRAFÍA: "C", "Q", "Z", "G", "J". GRAMÁTICA: A variedade de linguas. A palabra e a sílaba. O sustantivo.	34	50	X		
2	Relaciónome	COMUNICACIÓN ORAL: Comprensión e identificación de información relevante	33	40		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Relaciónome	nunha audición ou nunha lámina. COMPETENCIA LECTORA: Lectura e comprensión lectora dun conto, anuncio publicitario, poema, texto teatral ou cartel informativo. ESCRITURA: . Inventar o final dun conto, describir a unha persoa e escribir un correo electrónico. VOCABULARIO: Sinónimos, antónimos e campo semántico. ORTOGRAFÍA: As maiúsculas, "R", "MB", "MP", "BR", "BL". GRAMÁTICA: Xénero e número dos sustantivos. O nome propio, o artigo, o adxectivo e o verbo.	33	40		X	
3	A miña contorna.	COMUNICACIÓN ORAL: Comprensión e identificación de información relevante nunha audición ou en imaxes. COMPETENCIA LECTORA: Lectura e comprensión lectora dun conto, cómic, poema, noticia ou descripción. ESCRITURA: Escribir un conto, normas o un poema. Descricións. VOCABULARIO: Familias de palabras. ORTOGRAFÍA: Palabras rematadas en "z" ou "d", en "y", en "illo" ou illa. GRAMÁTICA: O verbo. A oración, suxeito e predicado. Clases de oracións.	33	50			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende as ideas principais dun texto sinxelo con axuda.	PE	30
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico nas producións orais e escritas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	70
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da súa contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego na súa contorna: persoal sanitario, veciños, familiares.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce textos sinxelos con axuda visual de imaxes.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Utiliza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de textos literarios.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua coas outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal. - Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Relaciónome	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.	PE	30
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe pequenos textos propostos con axuda de autoinstrucións.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.	TI	70
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora, con axuda, textos orais e multimodais sinxelos.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iniciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Iniciase na lectura de textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Disfruta e valora as diferentes obras literarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Procesos: comprensión oral - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral

Contidos

- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Procesos: comprensión lectora
 - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
 - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
 - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
 - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
 - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
 - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
 - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
 - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
 - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
 - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
 - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,

UD	Título da UD	Duración
3	A miña contorna.	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica con apoios as ideas principais dun texto sinxelo.	PE	30
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Inicio na produción de textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.	TI	70
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Recréase na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coas perspectivas de xénero.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Participa na busca información en diferentes soportes en traballos grupais.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colabora nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participa activamente na reprodución de textos literarios sinxelos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción oral - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto. - Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas. - Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. - Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.

Contidos

- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

- As propostas e o deseño de situacións comunicativas reais nos ámbitos persoal, social e educativo permitiránlle ao alumnado o progreso na aprendizaxe desta área. Facilitarase a súa participación activa.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- O deseño de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, servirá para traballar de maneira proporcionada todos os bloques do currículo de Lingua Castelá e Literatura durante o ano escolar; de tal xeito que o logro dos obxectivos debe producirse de maneira progresiva ao longo da etapa, a partir da articulación, de forma coordinada e interrelacionada, dos saberes de todos os bloques. Promoverase, así mesmo, a interacción comunicativa e a colaboración do alumnado entre si e cos demais axentes que interveñen nos procesos de ensino-aprendizaxe. O traballo interdisciplinar debe ofrecer un valor engadido ao potenciar o carácter competencial das aprendizaxes.
- A observación e a análise en contextos significativos para o alumnado no primeiro ciclo, reflexionando sobre modelos textuais adecuados, dará paso aos avances e complexidades ao longo da etapa cara a unha crecente autonomía na produción e comprensión lingüística. A educación lingüística ten unha dimensión claramente competencial, de aí que a gradación entre ciclos deberá facerse en función da complexidade dos textos, dos contextos de uso, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, así como do grao de autonomía conferido ao alumnado. Partirase da diversidade de traxectorias educativas procurando que a progresión nas aprendizaxes se desenvolva a partir da reflexión, comprensión ou produción.
- A programación de actividades de ámbito dixital debe contribuír á mellora das competencias, á alfabetización mediática e informacional e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe; ten que ir acompañada dun cambio de metodoloxía, facilitando a participación activa do alumnado.
- O desenvolvemento da formación lectora implica potenciar a lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, a dramatización ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios con intención literaria, posibilitando o progreso do alumnado na construción da súa identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da literatura. Neste sentido, as bibliotecas de aula, do centro e as virtuais deberán conformar os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas.
- Mobilizaranse as estratexias necesarias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- Impulsarase a realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos para favorecer, desde o ámbito da comunicación, a adquisición de competencias clave, e a resolución de problemas de forma cooperativa e en equipo, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Resulta esencial poñer a énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito educativo para potenciar a inclusión e permitir dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención individualizada.
- Fomentarase o uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, respectuosa coas diferenzas, coa perspectiva de

xénero, coa igualdade entre homes e mulleres e coas distintas linguas. É fundamental brindarlle ao alumnado as ferramentas esenciais para a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas; para a resolución dialogada dos conflitos, e para a valoración crítica da información, coa finalidade de construír sociedades máis equitativas e democráticas.

- As relacións entre a área de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura nun contexto de diversidade lingüística servirán de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Debe propiciarse un tratamento integrado das linguas como canle relevante para estimular a reflexión interlingüística, xunto coas linguas estranxeiras.

- O progreso nas aprendizaxes da área debe permitirlle ao alumnado responder a situacións comunicativas reais nos ámbitos persoal, social e educativo. De aí que a programación de aula deba vertebrarse ao redor de situacións de aprendizaxe representativas e contextualizadas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles. Material impreso. Recursos informáticos. Libros de texto editorial Santillana. Libros da biblioteca de aula e de centro.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora, escritura ...

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Como todas as unidades didácticas teñen o mesmo peso na nota final, a cualificación de cada avaliación será a nota media das cualificacións obtidas nas unidades didácticas que se imparten na avaliación expresada en termos de IN, SUF, B, N, SB, á que se acompañará, a nivel informativo, a nota numérica.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD3

A nota final de cada trimestre será calculada mediante a seguinte ponderación:

- 50% traballo na aula.
- 30% probas específicas.
- 20% actitude ante o traballo.

O 100% da nota da avaliación final obterase do seguinte xeito:

-1º trimestre: 33,3%.

-2º trimestre: 33,3%.

-3º trimestre: 33,3%.

A nota final do curso será avaliación continua polo que se aplicará a media aritmética das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Criterios de recuperación:

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para iso contamos con profesores de apoio que, xunto coa profesora da área, propondrán actividades de reforzo. Non se realizarán probas de recuperación como tal, pois, a medida que vaia avanzando o curso, observarase se o alumnado que non teña superadas as avaliacións pasadas, ten adquiridos os obxectivos e competencias previstas en cada unidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na aula hai varios alumnos que reciben apoio de PT e outros alumnos que reciben apoio de AL para corrixir defectos de pronunciación.

Tamén hai un alumno de etnia xitana que leva retraso académico respecto ao grupo de referencia e un alumno que non coñece as dúas linguas oficiais de Galicia e dous con dificultades de aprendizaxe.

Proporánselles actividades de reforzo e maior atención por parte do profesorado.

Adoptaránse medidas organizativas de situación na aula, fichas de traballo de reforzo, adaptación ao seu ritmo de aprendizaxe e apoios doutro profesorado que ten dispoñibilidade horaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Emprendemento		X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X		X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	
ET.5 - Educación para a saúde		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As que figuran no plan anual de actividades complementarias e extraescolares.	Consultar PXA.	X	X	X

Observacións:

Os alumnos de 2º de Ed. Primaria participarán en todas as actividades propostas e nas conmemoracións que figuran na Orde de Calendario Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación. Coherencia entre os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Temporalización. Motivación do alumnado.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Rol do docente. Organización dos recursos materiais. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade adecuadas e efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Actividades adecuadas.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao longo do curso. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados